



CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIADO PLENO	
Data	05 XUL. 2016
ENTRADA	
Hora.....	Núm. ...215....

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as Festas do Apóstolo do pasado ano 2015, un grupo de empresarios do sector da Hostalería que teñen os seus negocios radicados nas proximidades da Praza do Obradoiro recibiron con sorpresa a prohibición de manter os seus establecementos abertos por motivos de seguridade na noite do día 24 de xullo, coincidindo coa celebración dos tradicionais fogos e do espectáculo audiovisual no contorno da Catedral.

Aínda que compresivos cunha medida deste tipo, os empresarios afectados mostraron o seu malestar polo escaso prazo co que foron advertidos desta continxencia que, como é fácil de supoñer, acabou por lles ocasionar un grave quebranto económico, posto que coa debida antelación tiveran que encargar mercadorías –moitas delas de carácter perecedoiro- en previsión dunha gran afluencia de visitantes, tal e como tiñan constatado outros anos nos que os seus establecementos se mantiveron abertos.

Ante a proximidade das Festas do Apóstolo deste ano, estes mesmos empresarios téñenlle feito chegar a este Grupo Municipal a súa preocupación pola falta de información por parte do Goberno Municipal respecto da previsión de manter ou non a posibilidade de abrir os negocios de hostalería no contorno do Praza do Obradoiro.

Atendendo a esta preocupación, tendo en conta as datas nas que estamos, e consciente da necesidade de que a información se concrete este ano con maior antelación que no ano anterior, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte rogo:

Que o Goberno local informe e concrete coa maior antelación posible aos distintos sectores, en especial ao sector da Hostalería, as medidas de seguridade previstas para as xornadas do 24 e do 25 de xullo na Praza do Obradoiro, detallando os termos e horarios que puideran influír no desenvolvemento das súas respectivas actividades.

Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2016.



María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela